

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
27006553	IES Xoán Montes	Lugo	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Bacharelato	Historia do mundo contemporáneo	1º Bac.	4	140

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	15
4.2. Materiais e recursos didácticos	16
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	17
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	17
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	18
6. Medidas de atención á diversidade	18
7.1. Concreción dos elementos transversais	19
7.2. Actividades complementarias	20
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	22

1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO réxese polo Decreto 157/2022 do 15 de setembro que establece o currículo de Bacharelato para Galicia. Ademais, tívose en conta a Resolución do 6 de xuño de 2022 pola que se ditan Instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas obrigatorias e bacharelato no curso académico 2023/2024. Outros referentes normativos para a realización desta programación son:

- Orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade.
- Orde do 25 de xaneiro de 2022 que actualiza a normativa de avaliación de educación secundaria obrigatoria de Galicia.
- Recomendación do Consello Europeo do 22 de maio de 2018, relativa ás competencias clave para a aprendizaxe permanente.

Ademais, a presente programación seguirá as directrices fixadas no Proxecto Educativo de Centro e dende a materia colaborárase nos diferentes Plans de centro e normativas que se están a desenvolver (Plan Dixital, Plan Lector, PAT, etc)

Historia do Mundo Contemporáneo é unha materia troncal do Bacharelato de Humanidades e Ciencias Sociais que se imparte en 1º curso de BAC cunha asignación lectiva de 4 sesións semanais.

Tendo en conta o Decreto 79/2010 para o plurilingüismo do ensino non universitario en Galicia, esta materia impartirase en lingua galega. A NIVEL LINGÜÍSTICO é preciso notar que a maioría do alumnado do centro ten como lingua materna o castelán en detrimento do galego. Hai alumnado procedente de fóra da comunidade e do país que están exentos da materia de galego ao que se lle adaptará o material, cando sexa necesario, para facilitar a comprensión do mesmo.

Esta programación está deseñada para un grup composto por 22 estudantes que se atopan con idades comprendidas entre os 16 e os 17 anos. A materia adáptase ao nivel de desenvolvemento do alumnado que se atopa nun estadio de operacións formais que lle permiten adentrarse nun razonamento abstracto e en distintas formas de aprendizaxe. Non debemos esquecer que a Universidade non constitúe un obxectivo final para todo o alumnado, de modo que esta materia debe contribuír dun xeito importante á formación cultural de todos eles, continúen con estudos posteriores ou se incoporen ao mundo laboral.

O currículo de Historia do Mundo Contemporáneo temporalmente abrangue o estudo do período histórico comprendido dende o Antigo Réxime ata o mundo actual, polo que a complexidade e amplitude da etapa obriga a unha selección de coñecementos e saberes: centrándose no ámbito occidental e incidindo especialmente na realidade máis inmediata.

A materia proporcionalle ao alumnado unha visión útil e funcional da historia contemporánea, orientada a promover a observación, análise e interpretación da súa contorna real e a exercer unha cidadanía activa e implicada na vida social.

O pensamento histórico, con estratexias e métodos que orientan o estudo do pasado, ponse ao servizo da comprensión do presente para afrontar así os retos que nos formula o século XXI. Porque é desde a observación do mundo actual de onde xorde a necesidade de dirixir a nosa mirada á historia, máis ou menos recente, para obter as claves, coas que entender e mellorar o mundo no que vivimos. Os problemas e retos que nos formula a realidade globalizada que configura a nosa contorna son múltiples e ineludibles, e non é posible atendelos sen os recursos que nos ofrece a historia contemporánea, que desde hai algo máis de dous séculos trata de lle dar resposta a boa parte destes mesmos desafíos. A materia proporciona ao alumnado experiencias acumuladas polas xeracións que nos precederon, no que xunto aos grandes logros, tamén cabe atopar erros, fracasos e feitos dolorosos que é preciso afrontar para aprender a evitar situacións semellantes.

Doutra banda, a aproximación á metodoloxía histórica obriga ao alumnado ao uso rigoroso e crítico das fontes, á utilización precisa dos conceptos e a historiografía, e ao coñecemento das principais teorías e correntes académicas que foron desenvolvéndose no ámbito da historia e doutras ciencias sociais afíns. Así mesmo, a metodoloxía histórica promove o exercicio de procesos indutivos e de indagación relacionados con estratexias de utilización de documentos e probas, así como á procura e ao tratamento de información e fontes textuais, gráficas, audiovisuais, artísticas, literarias, hemerográficas e sonoras, accesibles en moitos casos grazas a plataformas dixitais.

O alumnado debe adquirir o exercicio do pensamento crítico, fundamentado e razoado, do mesmo xeito que a transferencia de información e do coñecemento elaborado, que ademais de supoñer o uso avanzado de medios dixitais implica tamén o desenvolvemento de estratexias comunicativas eficaces. Trátanse na materia de Historia do Mundo Contemporáneo os temas e acontecementos fundamentais que marcaron o transcurso da historia contemporánea ata o mundo actual, así como os retos que é necesario afrontar no presente para encarar o século XXI. Precisamente os retos do mundo actual inciden na necesidade de ver a historia como un instrumento non só para

a análise do presente, senón tamén para a adopción de compromisos ante os retos do século XXI.

CONTEXTO

O IES Xoán Montes está situado no concello de LUGO, na zona central da provincia homónima. Trátase dun centro situado no medio urbano nun concello cunha poboación de 97.211 (IGE, 2022). É o terceiro municipio máis extenso de Galicia e está dividido en 54 parroquias. O centro está situado no casco histórico, sendo o único instituto intramuros da cidade. A contorna inmediata aporta numerosos recursos aproveitables a nivel didáctico, dende o punto de vista xeográfico e especialmente histórico e patrimonial.

O instituto conta na actualidade cuns 365 alumnos e alumnas neste curso entre a ESO e BAC e 41 docentes. Unha elevada porcentaxe de alumnado estranxeiro superior ao 20%, pertencentes a 17 nacionalidades diferentes. Respecto á situación socioeconómica e cultural do alumnado, podemos indicar que sitúase nun rango medio-baixo tanto no tocante a parámetros socioeconómicos como culturais. A actividade económica maioritaria adícase ao sector servizos. Aínda que o modelo familiar predominante é no que o alumnado convive cos dous proxenitores, é crecente o número de alumnado que vive cun único membro da familia.

A maioría do alumnado procede dos barrios próximos polo que o alumnado continúa a relación social tamén fóra do centro, ben é certo que algún alumno/a reside fóra do concello aínda que non é o caso do alumnado desta materia.

O edificio do centro educativo é un referente arquitectónico do estilo racionalista a nivel galego, deseñado por Eloy Maquieira proxectado en 1935. Na peculiar planta triangular ubícanse todas as dependencias do centro.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Recoñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e o uso correcto de termos e conceptos históricos, para valorar os logros que supoñen os sistemas democráticos como principal garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais.	2		2		11	1-2-3	1	
OBX2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos da Idade Contemporánea, a través do emprego de fontes históricas fiables, a lectura de textos historiográficos e a elaboración de argumentos propios que preveñan a manipulación da información, para afrontar acontecementos traumáticos do noso pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes, recoñecer as vítimas e defender a aplicación do principio de xustiza universal.	1-2-3-4-5				11-31-40	1-2-3		
OBX3 - Identificar a desigualdade como un dos principais problemas das sociedades contemporáneas, recoñecendo as experiencias históricas de determinados colectivos, empregando a análise multicausal e valorando o papel transformador do suxeito na historia, para comprender como se formaron as actuais sociedades complexas, apreciar a riqueza da diversidade social, valorar os logros alcanzados e asumir os retos que formula a consecución de comunidades máis xustas e cohesionadas.	3		1	5	12-20-31-40	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, utilizando o pensamento histórico, os seus conceptos e métodos, para analizar criticamente como se foron construíndo e conformando a través do tempo, elaborar argumentos propios cos que contribuír a un diálogo construtivo, respectar os sentimentos de pertenza e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico e cultural que produciron.	3-4-5				12-20-31	2-3		1-2
OBX5 - Identificar e recoñecer os principais retos do século XXI a través de procesos avanzados de procura, selección e tratamento da información, o contraste e a lectura crítica de fontes, para entender o fenómeno histórico da globalización, a súa repercusión no ámbito local e planetario e na vida cotiá das persoas, e mostrar a necesidade de adoptar compromisos ecosociais para afrontar os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	3		5	1	20-31-40	3-4	1	
OBX6 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas repercusións sociais, ambientais e territoriais no mundo contemporáneo, a través do uso de métodos cuantitativos e da análise multifactorial do desenvolvemento económico, os ritmos de crecemento e a existencia de distintos modelos e sistemas, para tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia, e adoptar un compromiso activo coa sostibilidade, a defensa dos dereitos sociais e o acceso universal a recursos básicos.			4-5		20-32-40-50	3-4	1-2	
OBX7 - Interpretar a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, a través da aproximación á historiografía e aos debates sobre temas clave da historia, para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados, as accións levadas a cabo e as experiencias vividas, desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	3-5			2-3	12-20-31-40	2-3		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Describir e analizar os cambios e permanencias que se produciron na sociedade contemporánea, os comportamentos demográficos, os modos de vida e o ciclo vital, prestando especial interese á situación da muller, aos roles de xénero e idade, aos mecanismos de control, dominio e submisión e á loita pola dignidade e contra a discriminación, realizando proxectos de investigación e aplicando o pensamento histórico para recoñecer o valor e importancia dos personaxes anónimos da historia.	5		3	2	12-20-31-40	2-3		

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	De onde vimos, cara a onde imos?	Unidade introdutoria que servirá para facer unha primeira achega á Historia Contemporánea Universal a partir de técnicas e métodos de investigación no ámbito da Historia e das narrativas do pasado.	10	14	X		
2	O mundo global no que vivimos	Unidade que estuda a globalización e as súas repercusións locais e planetarias, así como os compromisos dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.	10	14	X		
3	Ideoloxías e utopías	Unidade que se centra no pensamento e ideoloxías que transformaron a realidade ao longo da Idade Contemporánea ata a actualidade para valorar criticamente os distintos proxectos sociais, políticos e culturais xerados.	10	14	X		
4	Liberdade e democracia	Unidade clave para coñecer os movementos, accións e transformacións históricas que contribuíron ao afianzamento da liberdade no mundo contemporáneo, a través do estudo comparado de casos e uso de conceptos hitóricos para valorar os logros dos sistemas democráticos que garanten o exercicio dos dereitos fundamentais.	10	14		X	
5	Identidades colectivas e nacionalismos	Unidade que se centra na importancia das identidades colectivas na súa configuración social, política e cultural no mundo contemporáneo para analizar críticamente	10	14		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Identidades colectivas e nacionalismos	como se foron construíndo a través do tempo e valorar a riqueza patrimonial e o legado histórico.	10	14		X	
6	Violencia, guerras e xenocidios	Unidade clave para estudar os conflitos, a violencia, a barbarie e destrución da pasado recente, evitar a repetición de feitos semellantes e defender o principio de xustiza universal.	10	14		X	
7	Progreso e crises económicas	Unidade para coñecer as repercusións sociais, ambientais e territoriais da idea de progreso, tomar conciencia das relacións de subordinación e dependencia e adoptar un compromiso coa sustentabilidade.	10	14		X	
8	Desigualdade e reivindicación social	Unidade na que se analizan as desigualdades sociais nas sociedades contemporáneas, para apreciar a riqueza da diversidade social e asumir o reto dunha sociedade máis xusta.	10	14			X
9	Comportamentos demográficos e modos de vida	Nesta unidade analizaranse os comportamentos demográficos contemporáneos, facendo fincapé na loita pola dignidade e contra a discriminación.	10	14			X
10	Muller e roles de xénero	Unidade na que se estuda a situación da muller, os roles de xénero, os mecanismos de control, dominio e submisión, así como a loita pola discriminación.	10	14			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	De onde vimos, cara a onde imos?	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O traballo do historiador: fontes históricas, historiografía e narrativas do pasado. Argumentación histórica. Relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade. Perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado. - Conservación e difusión do patrimonio histórico: o valor patrimonial, social e cultural da memoria colectiva. Arquivos, museos e centros de divulgación e interpretación histórica.

UD	Título da UD	Duración
2	O mundo global no que vivimos	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Analizar criticamente o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas, previndo a desinformación e considerando o emprendemento, a innovación e a aprendizaxe permanente como formas de afrontar os retos dunha contorna económica, social e cultural en constante cambio.	Identificar o fenómeno histórico da globalización e a súa repercusión no ámbito local e planetario, valéndose do manexo de distintas fontes de información e dunha adecuada selección, validación, contraste e tratamento destas.	TI	100
CA4.3 - Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, a través da análise da interconexión entre diversos procesos políticos, económicos, sociais e culturais nun contexto global, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade entre as xeracións presentes e futuras.	Identificar os principais retos do século XXI e a súa orixe histórica, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosocialmente responsables e orientados á sostibilidade do planeta, a defensa das institucións democráticas, a mellora do benestar colectivo e a solidariedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O proceso de globalización no mundo contemporáneo e as súas implicacións na sociedade actual. Aglomeracións urbanas e desafíos no mundo rural. - A nova orde mundial multipolar: choques e alianzas entre civilizacións. - A emerxencia climática e os seus desafíos no presente e no futuro. - Comportamento ecosocial: movementos en defensa do medio ambiente e ante a emerxencia climática. Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Cidadanía ética dixital: respecto pola propiedade intelectual. Participación e exercicio da cidadanía global a través das tecnoloxías dixitais. Prevención e defensa ante a desinformación e a manipulación. - Solidariedade e cooperación: os grandes desafíos que afectan o mundo e as condutas tendentes ao compromiso social, o asociacionismo e o voluntariado.

UD	Título da UD	Duración
3	Ideoloxías e utopías	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Abordar criticamente os principais temas clave da historia e da actualidade, a través da aproximación ás principais correntes historiográficas e aos usos que se fan da historia, valorando criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	Valorar criticamente os principais proxectos sociais, políticos e culturais que tiveron lugar na historia contemporánea desde a perspectiva ética contida na Declaración Universal dos Dereitos Humanos.	TI	100
CA4.4 - Xerar opinións argumentadas, debater e transferir ideas e coñecementos sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade, comprendendo e contextualizando os devanditos fenómenos a través do traballo sobre textos históricos e historiográficos e de fontes literarias, do cinema e outros documentos audiovisuais.	Xerar opinións argumentadas sobre a función que desempeñaron o pensamento e as ideoloxías na transformación da realidade, desde as orixes da Idade Contemporánea ata a actualidade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - As utopías revolucionarias e os proxectos de transformación social: os movementos democráticos, republicanos e socialistas dos séculos XIX e XX. O papel dos exiliados políticos. - Crise das ideoloxías e "fin da historia": a era do escepticismo e dos novos populismos. - Os retos das democracias actuais: corrupción, crise institucional e dos sistemas de partidos, tendencias autoritarias e movementos antisistema.

UD	Título da UD	Duración
4	Liberdade e democracia	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Identificar e recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron, a comprensión dos textos políticos e constitucionais fundamentais e o uso adecuado de termos e conceptos históricos.	Recoñecer os logros que supoñen os actuais sistemas democráticos como o resultado non lineal no tempo dos movementos e accións que contribuíron ao afianzamento e articulación do principio de liberdade, a través da análise dos principais procesos históricos que se desenvolveron.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas e socialistas que ocorreron ao longo da historia contemporánea, así como dos movementos de acción e reacción que xeraron.	Comprender os conceptos de revolución e cambio no mundo contemporáneo e os elementos e factores que os causan e condicionan, a través do estudo de casos significativos das revolucións burguesas.		
CA2.1 - Entender o significado histórico das transicións políticas e dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional, e xerando xuízos propios tanto con respecto ao cumprimento de aspiracións e expectativas como ás ameazas e riscos da vida en democracia.	Entender o significado histórico dos procesos de democratización da Idade Contemporánea como fundamento e garantía para a convivencia e o exercicio dos dereitos fundamentais, valorando as implicacións que supoñen o exercicio da cidadanía activa e o respecto ao ordenamento constitucional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A loita pola liberdade: cambio e revolución na época contemporánea: Revolución Francesa e revolucións europeas de 1830 e 1848. O uso da violencia e da protesta social nos séculos XIX e XX. Revolución e reacción. - A nova sociedade liberal: orixe e funcionamento dos sistemas parlamentarios. - Conciencia e memoria democrática: coñecemento dos principios e normas constitucionais, exercicio dos valores cívicos e participación cidadá. Coñecemento e respecto aos principios e normas da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. A memoria democrática no marco do dereito internacional humanitario: verdade, xustiza, reparación e garantía de non repetición. - Acción colectiva, movemento de masas e liderado político no século XX: nacemento e funcionamento dos réximes democráticos e totalitarios. Fascismo, nazismo, estalinismo e outros movementos autoritarios nos séculos XX e XXI. - Transicións políticas e procesos de democratización nos séculos XX e XXI. A memoria democrática.

UD	Título da UD	Duración
5	Identidades colectivas e nacionalismos	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Recoñecer como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, identificando as súas múltiples valencias, mediante a análise crítica de textos históricos e historiográficos e de fontes de información actual, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.	Comprender a importancia das identidades colectivas na configuración social, política e cultural do mundo contemporáneo, elaborando argumentos propios que contribúan a un diálogo construtivo respecto diso.		
CA3.3 - Analizar criticamente como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.	Recoñecer como se foron construíndo no tempo as identidades colectivas, empregando os conceptos e métodos do pensamento histórico, respectando a pluralidade e os sentimentos identitarios e valorando o legado histórico e cultural destas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Imperios e cuestión nacional: dos movementos de liberación á descolonización. - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - Procesos de integración rexional no mundo. A construción da Unión Europea, situación presente e desafíos de futuro. Alianzas internacionais para o logro dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible. - Identidade e sentimentos de pertenza: recoñecemento da diversidade identitaria, tolerancia e respecto ante as manifestacións ideolóxicas e culturais e recoñecemento e defensa da riqueza patrimonial.

UD	Título da UD	Duración
6	Violencia, guerras e xenocidios	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar conciencia do grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, así como das causas das conflagracións bélicas e das múltiples transformacións que se producen nos contendentes, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia e o papel das institucións internacionais que velan pola paz e a mediación.	Reflexiona sobre o grao de violencia, barbarie e destrución alcanzado polos conflitos ocorridos no mundo contemporáneo, a través do emprego de fontes históricas fiables e do uso de datos contrastados, valorando o impacto social e emocional que supón o uso da violencia.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos e a elaboración de xuízos argumentados, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas, do principio de xustiza universal e do dereito á verdade, a reparación e a garantía de non repetición.	Analizar os principais conflitos civís que se produciron na Idade Contemporánea, a través do emprego de textos historiográficos, comprendendo a importancia da memoria histórica e do recoñecemento das vítimas e a garantía de non repetición.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Militarización e carreira armamentística. Diplomacia da ameaza e da disuasión: acordos, alianzas e bloques. O mundo en guerra: as guerras mundiais e os grandes conflitos internacionais. A Guerra Civil española, a súa internacionalización e o exilio republicano español. O holocausto e outros xenocidios e crimes de lesa humanidade na historia contemporánea. - Organismos e institucións para a paz: da Sociedade de Nacións á Organización das Nacións Unidas. A inxerencia humanitaria e a xustiza universal. - Os conflitos fratricidas no mundo contemporáneo: pasados traumáticos e memoria colectiva. Recoñecemento, reparación e dignificación das vítimas da violencia. - Ameazas rexionais e planetarias: terrorismo, crime organizado, radicalismos, ciberameazas e armas de destrución masiva.

UD	Título da UD	Duración
7	Progreso e crises económicas	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, a través do tratamento de datos numéricos, a interpretación de gráficos e a comprensión multifactorial dos ritmos e ciclos de crecemento, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	Valorar o significado histórico da idea de progreso e as súas múltiples consecuencias sociais, territoriais e ambientais, argumentando a necesidade de adoptar comportamentos ecosociais que garantan a sostibilidade do planeta.	TI	100
CA3.5 - Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, a través da súa análise multidisciplinaria e das doutrinas e teorías das que derivan, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional, e xustificando a necesidade do acceso universal aos recursos básicos.	Comparar os distintos sistemas económicos que se desenvolveron no mundo contemporáneo, identificando as relacións de subordinación e de dependencia e os conflitos que xeran, tanto no ámbito nacional como internacional.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Ritmos e modelos de crecemento económico no mundo: as relacións de dependencia. Ciclos e crises dos sistemas económicos contemporáneos. Factores do desenvolvemento económico e as súas implicacións sociais, políticas e ambientais: da revolución industrial á era postindustrial. - O desenvolvemento tecnolóxico e dixital e os novos retos do futuro económico, social e laboral. - Desenvolvemento económico e sostibilidade: da idea do progreso ilimitado do liberalismo clásico aos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.

UD	Título da UD	Duración
8	Desigualdade e reivindicación social	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Describir a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea e as súas derivacións sociais e políticas, a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	Recoñece a evolución dos conceptos de igualdade e de cidadanía na historia contemporánea a través da análise multicausal dos principais sistemas políticos e sociais dos séculos XIX e XX, identificando as desigualdades e a concentración do poder en determinados grupos sociais.	TI	100
CA3.1 - Analizar as condicións de vida, o mundo do traballo e as relacións laborais e a súa conflictividade a través do estudo multidisciplinario dos movementos sociais, particularmente os relacionados co obrerismo, valorando o papel que representan a acción colectiva e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.	Valora o papel que representan a acción colectiva do obreirismo e do suxeito na historia para o recoñecemento dos dereitos sociais e o benestar colectivo.		
CA3.2 - Deducir a través do estudo crítico de noticias e datos estatísticos a evolución do estado social, identificando os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos, así como os límites e retos de futuro, desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.	Identificar a evolución do estado social, os logros e retrocesos experimentados e as medidas adoptadas polos diferentes estados contemporáneos desde unha perspectiva solidaria en favor dos colectivos máis vulnerables.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Movementos sociais en favor da igualdade de dereitos, do recoñecemento das minorías e contra a discriminación. - Valoración e respecto á diversidade social, étnica e cultural: tolerancia e intolerancia na historia do mundo contemporáneo. Defensa dos dereitos das minorías.

UD	Título da UD	Duración
9	Comportamentos demográficos e modos de vida	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Identificar o papel relegado da muller na historia contemporánea e valorar a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos.	TI	100
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	Recoñecer os cambios e permanencias na historia, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - O significado histórico e político dos nacionalismos no mundo contemporáneo, factor de conflito e enfrontamento entre pobos e estados: da servidume á cidadanía. Abolicionismo, dereitos civís e dereitos sociais na Idade Contemporánea. - Niveis, condicións e modos de vida nas sociedades contemporáneas: grupos, clases sociais e desigualdade social. Clases medias e estado do benestar nas sociedades avanzadas. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea. - A evolución histórica da clase traballadora e das organizacións obreiras: experiencias e conflitos en defensa dos dereitos laborais e a mellora das condicións de vida. - Éxodos masivos de poboación: migracións económicas, climáticas e políticas. O novo concepto de refuxiado.

UD	Título da UD	Duración
10	Muller e roles de xénero	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Contrastar o papel relegado da muller na historia contemporánea, identificando e valorando a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos e no logro da igualdade efectiva de mulleres e homes, así como a corresponsabilidade no coidado das persoas.	Identificar o papel relegado da muller na historia contemporánea e valorar a importancia das figuras individuais e colectivas como protagonistas anónimas da historia contemporánea, así como o papel dos movementos feministas no recoñecemento dos seus dereitos.		
CA3.6 - Analizar os cambios e permanencias na historia, atendendo a procesos de máis longa duración, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, a través do achegamento ao pensamento histórico e a realización de proxectos de investigación, identificando os mecanismos de control, dominio e submisión, os roles de xénero e idade asignados, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	Recoñecer os cambios e permanencias na historia, como os comportamentos demográficos, ciclos vitais e modos de vida na sociedade contemporánea, así como os escenarios de loita pola dignidade e contra a discriminación de diversos colectivos.	TI	100

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - A evolución da situación da muller na sociedade contemporánea: mecanismos de dominación e submisión e cambios socioculturais. O movemento pola emancipación da muller e a loita pola igualdade: orixe e desenvolvemento dos movementos feministas. - Igualdade de xénero: situación da muller no mundo e actitudes fronte á discriminación e en favor da igualdade efectiva entre mulleres e homes. - Evolución da poboación, ciclos demográficos e modos de vida. Cambios e permanencias nos ciclos vitais e na organización social do mundo contemporáneo. Grupos vulnerables e marxinados. O papel do suxeito colectivo na historia contemporánea.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Levaranse a cabo estratexias metodolóxicas de carácter motivador, que estimuen o interese do alumnado polos temas tratados na área. Por tanto, a metodoloxía empregada na materia será activa e participativa, favorecendo un enfoque competencial que permita aplicar os coñecementos con eficacia a situacións reais e sexan transferibles no futuro nunha aprendizaxe permanente do alumnado.

Pola súa parte, o profesorado despregará os recursos didácticos necesarios que permitan desenvolver os contidos propios da materia, relacionados coas competencias clave e cos criterios de avaliación, para poder acadar así os obxectivos do currículo. As situacións de aprendizaxe deseñadas para o seu desenvolvemento nesta materia de Historia do Mundo Contemporáneo, incorporarán tarefas que contextualizan as aprendizaxes e que permiten avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

O profesorado buscará situacións próximas ao alumnado para que este poida aplicar en diferentes contextos os saberes básicos que conforman cada unha das competencias clave. Creará contextos e situacións que representen retos para o alumnado, que os invite a cuestionarse os seus saberes actuais, que os obrigue a ampliar a súa perspectiva e a contrastar o seu parecer, a xustificar e a interpretar con rigor.

En definitiva, na aula combinarase a explicación teórica por parte do profesorado á hora da presentación os conceptos máis complexos e a problemática xeral dos procesos e realidades a explicar (mapas conceptuais, fotografías, presentacións, vídeos, textos, mapas, gráficas, estatísticas) coa participación constante do alumnado na construción dos coñecementos a partir dos materiais de traballo (libro de texto ou os materiais diversos proporcionados/apuntados polo profesorado) nunha tarefa dirixida e orientada polo profesorado. Con isto intentarase evitar unha excesiva memorización de contidos, pero sen renunciar, como complemento, a unha aprendizaxe

significativa.

Será unha metodoloxía dirixida a implicar ao alumnado na aprendizaxe para que adquiran as habilidades que lles permitan comprender o mundo no que viven, construír a súa propia identidade, que poidan interactuar en situacións variadas e para que continúen aprendendo grazas á transferencia de aprendizaxes.

As áreas impartidas facilitan dar unha aplicación práctica aos temas, partindo no posible do seu contorno inmediato, da realidade que o alumnado coñece, evitando que lles resulte afastado ou carente de interese. Seguindo unha aprendizaxe construtiva os contidos traballaranse gradualmente, priorizando nalgúns ocasións actividades de tipo máis procedemental, especialmente no comezo de curso para asegurar unhas bases sólidas para o resto do curso.

Potenciaranse as estratexias de busca e tratamento da información tanto escrita (prensa, manuais, etc) como audiovisual (medios de comunicación, vídeos, etc) potenciando unha aprendizaxe significativa. Fomentarase o uso de técnicas propias da disciplina mediante o uso e contraste de fontes históricas, interpretación da información, argumentación histórica, relevancia, causas e consecuencias, cambio e continuidade, perspectiva histórica nas narrativas sobre o pasado.

En cada unidade comezarse sempre por explorar os coñecementos previos sobre o tema: tormentas de ideas, preguntas na aula... para conectar coa experiencia propia e coa actualidade buscando a interrelación do pasado e presente. A continuación darse a coñecer os obxectivos, as tarefas e os criterios de avaliación de cada unidade para que o alumnado saiba o que se pretende conseguir en cada momento, de tal modo que cada unidade se sustenta no traballado anteriormente.

Tentarase ademais atender a cada estudante de forma individualizada e flexibilizar o traballo adaptándose aos distintos estilos e ritmos de aprendizaxe dos rapaces e rapazas. É necesario permitirlle ao alumnado que afonde naqueles aspectos que lles resulten máis interesantes da materia e que aporten en todo momento as súas opinións sobre o desenvolvemento do proceso.

Na aula alternaranse os traballos e as actividades individuais cos desenvolvidos en distintos agrupamentos: parellas, gran grupo e en equipo cooperativos. Favorecese o traballo autónomo, individual, colaborativo e cooperativo entre o alumnado na resolución das actividades de aprendizaxe propostas e nas cuestións reto-desafío.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro
Apuntamentos elaborados pola docente
Aula virtual do centro
Portfolio do alumnado
Fichas fotocopiáveis
Presentacións audiovisuais
Elementos de Gamificación e Aprendizaxe baseada en xogos
Mapas físicos, políticos e temáticos
Prensa

Utilizarase unha grande diversidade de recursos perfectamente utilizables para cada momento didáctico ou metodoloxía a empregar.

O libro de texto da editorial Baía é un apoio para o profesorado e para o alumnado xa que aglutina todas as unidades que se van traballar ao longo do curso e tamén ofrece diversas e numerosas actividades a desenvolver. Non obstante, débese ter en conta que non determinará a función do docente nin a súa metodoloxía, polo que o profesorado, como profesional que é, determinará e xestionará o seu uso.

Ademais do libro de texto empregárase material complementario, elaborado por docentes, que se acomode aos diferentes ritmos de aprendizaxe que se poden dar na aula. Así mesmo, o profesorado utilizará o curso da aula virtual

a través do cal pode facer propostas de traballo (visualizar vídeos, comentar textos...) así como presentacións interactivas.

O alumnado pode utilizar o seu caderno a modo de portfolio de traballo, que será observado e avaliado polo profesorado.

A aula virtual utilízase como repositorio de contidos, actividades avaliáveis e libro de cualificacións disponible para o alumnado en todo momento.

A gamificación e a introdución de elementos de xogo (insignias, puntos) buscará conseguir a motivación e interese do alumnado.

Empregaranse diferentes materiais, cada vez máis relacionados coas TIC, buscando unha maior diversificación, para dar cobertura aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial realizarase nos primeiros días de clase, destinada a comprobar a capacidade de expresión, corrección formal, análise, coherencia expositiva e coñecementos previos.

Tamén se realizará unha avaliación inicial ou diagnóstica realizarase ao comezo de cada Unidade Didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar para, a partir deles, seguir construíndo os seus saberes.

Outra das vantaxes da avaliación inicial é a de ofrecer información adicional sobre o punto de partida do alumnado cara o tema que se vai a comezar a traballar, permitindo concretar os contidos que suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente. Ademais nos posibilita definir a didáctica e metodoloxía para abordar a unidade e chegar aos distintos ritmos de aprendizaxe. Outro aspecto importante destas probas diagnósticas é que permiten detectar as posibles confusións e incorreccións que o alumnado ten sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación. Dita proba inicial realizarase dependendo de cada unidade, pero en liñas xerais consistirá na elaboración de cuestionarios, test, brainstorming, debates, visionados de material audiovisual.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	10	10	10	10	10	10	10	10	10	10
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Unidade didáctica	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	100
Táboa de indicadores	100

Criterios de cualificación:

Nas unidades didácticas establece o peso orientativo que se lle dá aos indicadores que se avalían con distintos instrumentos de avaliación empregados: proba escrita, tratamento de textos, traballos, portfolio do alumno, exposicións orais, debates.

Desta maneira os criterios de cualificación para cada trimestre quedarían da seguinte maneira:

- probas escritas 20%. Nas probas escritas estará indicado o valor de cada pregunta e puntuarase sobre 10. Nas probas escritas versarán sobre o desenvolvemento dun tema, resolución de exercicios, definición de vocabulario

específico, respostas a preguntas, elaboración de resumos, esquemas, realización de mapas de diversa índole, pequenos comentarios de texto, etc

- exercicios, actividades e tarefas 80%. Levarase a cabo a supervisión periódica de cadernos-portfolio e fichas de traballo nos que o alumnado reflicte o seu traballo persoal. No tocante á cualificación das tarefas, traballos e demais elaboracións xunto co portfolio do alumnado empregaranse as rúbricas facéndose a media do valor dado ás categorías da rúbrica. As tarefas de aula inclúen a participación, a resolución de exercicios, etc. dos que se levará a cabo unha observación e rexistro sistemático. Os traballos tanto individuais como en equipos colaborativos serán traballos de investigación enmarcados na metodoloxía de ABP.

Tanto as probas escritas como os traballos deberán presentar unha expresión ortográfica, léxica e semántica, así como unha correcta presentación.

O alumnado superará a materia se ten aprobadas todas as avaliacións.

Criterios de recuperación:

En canto aos criterios de recuperación determínase un 100% para as probas escritas que se farán por trimestre e seguirán as pautas establecidas para as probas ordinarias.

No caso de que o alumnado non superara algunha das avaliacións, o profesorado poderá facer, se o considera pertinente, unha proba escrita final para recuperalas. No caso no que non obtivese un 5 ou nota superior, o alumnado deberá recuperar toda a materia, aínda que soamente unha das avaliacións estea suspensa. Realizará unha proba global que incluírá toda a materia do curso en xuño na que deberase acadar unha puntuación mínima de 5 puntos. O alumnado deberá amosar un coñecemento mínimo de todas as avaliacións, xa que a proba referirase ás unidades didácticas traballadas durante todo o curso.

O alumnado superará a materia se ten aprobadas todas as avaliacións.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

(Non se contempla neste curso alumnado con materias pendentes)

6. Medidas de atención á diversidade

Sendo o bacharelato un nivel educativo non obrigatorio, e dada a idade do alumnado, a atención á diversidade non é tan diversa coma na ESO. Porén, é un feito que acceden alumnos con diferente grao de desenvolvemento intelectual e coñecementos previos. O profesorado intentará, na medida do posible, adaptar o material didáctico, as súas explicacións e os traballos prácticos ás diferentes situacións do alumnado, coa finalidade de acadar un nivel homoxéneo ao longo do curso.

Así, tamén nesta etapa cabe establecer un certo grao de flexibilidade. Os tipos de saberes poden tratarse con distinto grao de dificultade e de esixencia, desde un nivel máis elemental, que correspondería a un grao mínimo de consecución, ata unha maior profundización e ampliación. As vixentes disposicións e normas indican, tamén no bacharelato, que se debe dar un tratamento específico ao alumnado que, polas súas circunstancias, o precisen e, polo tanto, facer as adaptacións curriculares necesarias.

En cada unidade propónse unha asimilación progresiva, de menor a maior dificultade, dos conceptos, termos e procesos históricos estudados.

En xeral, procurarase proporcionar ao alumnado, para os contidos de maior dificultade:

- Esquemas e/ou sínteses cos conceptos fundamentais.
- Actividades con diferentes graos de profundización.
- Páxinas de referencia para resolver dúbidas e/ou ampliar coñecementos.

O profesorado seleccionará de entre todos os contidos os que mellor se adapten ao nivel do seu alumnado. O proceso de avaliación servirános tamén para facer o tratamento diferenciado ao alumnado. Utilizando as diferentes actividades propostas nesta programación, descubriremos as carencias e deficiencias fundamentais e, por conseguinte, propoñeremos as tarefas axeitadas para alcanzar os obxectivos específicos adecuados a cada discente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial		X	X					X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X			X			
ET.6 - Educación emocional e en valores			X	X		X		
ET.7 - Igualdade de xénero								X
ET.8 - Creatividade		X						X

	UD 9	UD 10
ET.1 - Comprensión lectora e expresión oral e escrita	X	X
ET.2 - Comunicación audiovisual	X	X
ET.3 - Competencia dixital	X	X
ET.4 - Emprendemento social e empresarial		
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	
ET.6 - Educación emocional e en valores		X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X
ET.8 - Creatividade		

Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais, en especial a comprensión lectora e a expresión oral e escrita, pois o alumnado vai ter que ler en diferentes formatos e redactar resumos, opinións, textos, comentarios históricos.

A comunicación audiovisual será aproveitada en todas as unidades pois servirán de apoio á práctica docente.

O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades.

O emprendemento tamén se considera importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa.

Importante na materia de Historia será a educación emocional e en valores como actitude do alumnado na aula de respecto e tolerancia.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Programa Prensa-Escuela	Actividade complementaria programada entre outubro e maio	X	X	X
eTwinning co Liceo di Lugo	Actividade complementaria para fomentar o diálogo intercultural	X	X	X
Asistencia a un xuízo no xulgado de Lugo.	Programa Educar en Xustiza. Actividade extraescolar programada para o 2º trimestre		X	
Visitas didácticas pola cidade de Lugo	Visitas guiadas a Vello Cárcere e Museo Provincial de Lugo	X	X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias e extraescolares están definidas e programadas para enriquecer o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado, polo tanto están consensadas a nivel de departamento didáctico e pensadas para lograr un aproveitamento didáctico diferente fóra das aulas.

Estas actividades están definidas a través de tres fases:

- Primeira fase: preparación na aula previa á saída da UD correspondiente.
- Segunda fase: a visita programada e organizada, o disfrute da actividade.
- Terceira fase: avaliación e comprobación dos saberes adquiridos por medio da actividade.

No caso de que xurdira algunha actividade relevante para a materia (exposicións temporais, conferencias) tentarán levarse a cabo, sempre que o orzamento e condicións o permitan.

A participación nas actividades complementarias dentro do horario escolar é obrigatoria. Porén, se un alumno/a mantén unha actitude negativa cara aos compañeiros/as, profesorado ou a materia, amosa apatía ou escaso interese polas actividades encomendadas polo profesorado, poderá ser penalizado/a polo Departamento coa perda de asistencia ás actividades extraescolares e complementarias.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Realiza avaliación inicial
Planifica, ensina e avalía

Metodoloxía empregada
Avalía según os criterios de avaliación da programación
Emprega unha grande variedade de recursos
Consigue motivar ao alumnado: as actividades foron variadas e motivadoras
A práctica docente é innovadora
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Demostra o coñecemento da materia
Revisa a realización das tarefas
Medidas de atención á diversidade
As explicacións son axeitadas ao grupo clase
Ofrece posibilidades de recuperación
Atende e resolve as dúbidas
Outros
Valoración da materia: 1. Os obxectivos están ben formulados 2. A selección e temporalización dos contidos é axeitada 3. Os criterios de avaliación e cualificación son claros 4. Empregáanse diferentes instrumentos de avaliación

Descrición:

A práctica do proceso do ensino e a práctica docente será avaliado polo alumnado e polo profesorado. Ao rematar a avaliación o alumnado realizará un cuestionario dixital anónimo sobre o grao de consecución dos indicadores de logro marcados. O cuestionario constará ademais con de preguntas abertas para a recollida de propostas de mellora á práctica docente. O profesorado levará a cabo unha autoavaliación mediante unha rúbrica de 4 niveis para valorar o grao de consecucións dos distintos indicadores.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Nas reunións de departamento mensuais analizarase o grao de cumprimento dos obxectivos programados e as dificultades atopadas e introduciranse as medidas correctoras que se estimen oportunas. Todos os problemas detectados teranse en conta na Memoria Final para introducir as modificacións precisas na programación do vindeiro curso.

A avaliación da presente programación supón o seu seguimento a través da aplicación Proens por períodos de avaliación por parte do profesorado que impartan as diversas materias e nas reunións mensuais do departamento. Para avaliar a programación teranse en conta os seguintes criterios:

- Consecución de obxectivos: Capacitación progresiva do alumnado nas competencias básicas.
 - Evolución progresiva do alumnado na comprensión dos fenómenos histórico-artísticos e dos seus factores multicausais.
 - Evolución progresiva no coñecemento e manexo das técnicas de estudo propias das Ciencias Sociais.
 - Progresiva asimilación de valores e actitudes propios dunha sociedade plural, solidaria e democrática.
 - Progresiva adquisición de autonomía no proceso de aprendizaxe: obtención, selección e contraste da información obtida.
 - Contribución ao desenvolvemento das competencias dixital e competencia para aprender a aprender.
 - Progresiva evolución nas técnicas de lectura comprensiva e de expresión, necesarias para un discurso intelixible e minimamente coherente.

- Adecuación dos obxectivos ao nivel académico do grupo detectado na avaliación inicial.
- Adecuación dos contidos programados e da súa secuenciación ou temporalización prevista.
- Neste aspecto terase en conta a normativa vixente que considera conforme a programación se se cumpre ao menos un 75% dos contidos programados ao principio do curso, se non hai unha desviación na programación por avaliación máis aló dun 20% dos contidos programados ou incluso, nestes casos, cando as razóns sexan de carácter externo e/ou non imputables ao departamento.
- Validez das estratexias metodolóxicas empregadas para a adquisición dos novos contidos.

9. Outros apartados